

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE XANEIRO DE 2022.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e seis de xaneiro de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión da licenza urbanística para instalación de ascensor en edificio de vivendas sito na rúa Concepción Arenal, número 29. (expte: 2021/Y001/000323)

Taméns e acorda denegar a licenza urbanística para rehabilitación e ampliación de vivenda na estrada de Santiago, número 92. (expte: 96/19)

Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanística: para instalación de ascensor no C.E.I.P Illa Verde, sito na rúa Roi Xordo, número 2. (Expte: 2021/Y001/000280) e para legalización de modificacións de escaleira en edificio construído coa licenza número 877/13, sito na rúa Camiño Verde, número 16. (Expte: 2021/Y001/000297).

Tamén se acorda tomar razón e deixar constancia da documentación final de obra no procedemento de licenza urbanística para demolición de edificacións existentes e construción dun novo edificio na rúa Chantada, número 31-33. (Expte: 2020/Y001/000356).

**2. PLANEAMENTO.-** Acórdase a resolución da solicitude interesando a revisión de oficio dos actos de execución do planeamento e urbanización aprobados por este Concello no seo da Unidade de Actuación Norte-16 (Urpi-20 do Pxom vixente).

Así mesmo, acórdase a aprobación da conta de liquidación definitiva da Xunta de Compensación do Polígono 1, Sector II, do Sunp "IN-G"; do PXOU de 1990 (Uzpi-2.I do PXOM vixente).

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac2883735121610133727.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-1-2022

### ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

**3. PERSOAL.-** Acórdase a cobertura temporal en comisión de servizos de dous postos de cabos de bombeiros do Excmo. Concello de Lugo.

Acórdase adiar os seguintes asuntos: a resolución do concurso para a provisión de varios postos de traballo no Excmo. Concello de Lugo para xefes de servizo; a adscripción provisional ao posto de xefe/a sección fomento (cód 05/18) e cese no posto de xefe de servizo de control financeiro (cód 61/208/2) e a resolución parcial e definitiva do concurso para a provisión de varios postos de traballo no Excmo. Concello de Lugo para adxuntos de servizo, xefes de sección e adxuntos de sección: posto xefe/a de sección de atención cidadá (Sac).

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**